



COSTA DE CORCUBIÓN

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2019



Distancia: a pé: 16,5 km (circular)
en coche: 10 km + camiñadas
Dificultade: media



- 1-Punta do Pino
- 2-Corcubión. Praia de Santa Isabel, vila e porto.
- 3-Praia e punta de Quenxe
- 4-Punta do cabalo. Castelo do Cardeal.
- 5-Punta das Mariñas
- 6-A Cova
- 7-Punta do Seixo
- 8-Boca do Sapo
- 9-A Boleira
- 10-Cabo de Cee. Faro e boleiras.
- 11-Carrumeiros Grande e Pequeno
- 12-Illas Lobeiras
- 13-Posta de Herba
- 14-Punta Liñeiro e praia da Coviña
- 15-Punta do Salto
- 16-Cabo da Nasa
- 17-Punta Piñeiro
- 18-Punta Pía
- 19-A Boleira
- 20-Punta Marxenta
- 21-A Cova
- 22-Punta do Corno
- 23-Punta Carballeira



O concello de Corcubión ocupa unha pequena península na enseada de Fisterra. A súa costa vai desde o fondo da ría de Corcubión ata enseada de Estorde. O litoral é rochoso, elevado, irregular e recortado, sen máis praias nin espazo chan que onde se asenta a vila, onde tamén estaban os areais que na maior parte foron comestos polas infraestruturas viarias. Fora da vila só hai cantís de ata 50 m de altura nos que se alternan puntas e seos, ocupados por coídos, aos que non é doado achegarse porque o terreo é encosto, forestal e cuberto de toxos, no que só son “practicables” carreiros pouco transitados polos que se achegan a pescar as xentes dos lugares da contorna.


PERCORRIDO

Propoñemos facer un roteiro circular que podemos comezar na vila de **Corcubión** para percorrer polo paseo toda a fachada litoral, pasando polo **porto** e a **praia de Quenxe**, e no remate subir á estrada que vai ao faro. Transcorre paralela á costa, e non moi lonxe dela, pero elevada e separada do mar por plantacións forestais que impiden vela ata chegar ao pé do **castelo** onde podemos achegarnos á beira da auga, logo hai que volver á estrada e un pouco máis adiante nunha curva temos á vista o tramo da **Cova**. De aí ata case chegar ao faro a estrada vai entre árbores. Desde o **faro** temos amplas panorámicas da costa, de Cee ao Pindo e máis alá por unha banda, e pola outra Fisterra, no medio as **illas Lobeiras** e os **illotes** da zona. Desde o faro mesmo temos carreiros para achegarnos á beira do cantil e ás **boleiras**, e para baixar a elas, se a marea o permite, para camiñar polas rochas ata a **Posta da Herba**, ou seguir polo camiño, con tramos pouco transitados que nos leva, antes de subir á estrada, a preto da **punta do Liñeiro** á que podemos achegarnos por un carreiro que baixa á esquerda para ver o único areal da zona, unha pequena praia, sen acceso desde terra, que cobre a marea ao subir. Na estrada collemos á esquerda, cara á Redonda. Ao chegar a altura dun peche hai un carreiro polo que os pescadores baixan á **punta do Salto** e pasado o peche outro camiño do que sae logo un carreiro á dereita que hai que coñecer ou ter a sorte de dar con el, lévanos ao pé da **igreja da Redonda**, aínda que o máis doado é seguir pola estrada ata a Redonda e coller alí a pista que vai á igrexa (románica, sinxela, que conserva a estrutura, canzorros - non figurativos- a fiestra da ábsida e os soportes das cruces do piñón). Un pouco antes de chegar á igrexa hai á dereita da pista, xusto ao pasar unha construción, un camiño que nos leva ao **cabo da Nasa**, con fermosas panorámicas, altos cantís e boleira. De volta na Redonda, e na estrada, imos á esquerda e un pouco adiante collemos a primeira pista á esquerda, e logo, pasados os peches, un camiño á esquerda que nos leva primeiro ao pé duns muíños, desde onde temos unha vista da **Boleira** e a **punta Marxenta**, logo atravesa un regueiro que, se baixamos á Boleira, vemos caer ao mar nunha pequena ferverza. Desde aquí o camiño métese entre os piñeiros e case desaparece ata saír a outro que ven de arriba ás leiras. Ao chegar a el atopamos un desvío á esquerda, pechado, pero un carreiro entre as árbores e pola parte de arriba das leiras vai enlazar noutro camiño que baixa desde o lugar da Amarela polo que podemos baixar ao **cabo Louzán**, a **punta do Corno** e a **boleira da Cova**. Volvemos polo camiño á Amarela e pola estrada e polo Vilar a Corcubión onde pechamos a volta cuns 16,5 km ao lombo.

O percorrido en coche limitase a catro paradas: na vila, no faro, na Redonda e na Amarela; e varias camiñadas, uns 10 km en coche e outros tantos a pé, para percorrer a vila, para achegarse desde a Redonda ao cabo da Nasa e



Percorrido a pé



Percorrido en coche



Enseada de Fisterra e ría de Corcubión e Cee desde o monte Pindo. Á esquerda están as illas Lobeiras.

RÍA DE CORCUBIÓN E CEE

Situada no fondo da gran enseada que se forma entre o cabo Fisterra e o Monte Pindo. Ábrese entre o Cabo de Cee e a punta Galeira. No fondo están situadas as vilas de Corcubión e Cee.



1-Punta do Pino



2-Corcubión.



Corcubión, vila de interese monumental.
Ten un porto pesqueiro de baixura e é o centro administrativo da comarca.



Corcubión. Praia de Santa Isabel, vila e porto.



3-Praia e punta de Quenxe



4-Punta do Cabalo. Castelo do Cardeal.





Vista desde o castelo do Cardeal cara ao cabo de Cee. Punta das Mariñas, punta do Seixo e Boca do Sapo.



A Boleira desde o Cabo de Cee



10-Cabo de Cee.
Detrás vese o cabo de Fisterra.



Cabo de Cee



Faro do cabo de Cee, edificado no 1860.



Boleiras no cabo de Cee .



Vista desde o cabo de Cee cara a Fisterra



11-Carrumeiros Grande e Pequeno



12-Illas lobeiras. Pequenos illotes rochosos que forman parte do espazo protexido "Carnota Pindo". Son un importante lugar de cría de aves e conservan unha interesante flora e fauna mariñas.



13-Posta de Herba



14-Punta Liñeiro e praia da Coviña



15-Punta do Salto



Punta do Salto





17-Punta Piñeiro



Vista desde punta Pía ata o cabo da Nasa



18-Punta Pía



20-Punta Marxenta



19-A Boleira



Puntas Marxenta e do Corno



21-A Cova



23-Punta Carballeira



22-Punta do Corno

